



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO

En Redondela, a 26 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa Acctal. do Ilmo. Concello de Redondela, Dona María del Carmen Amoedo Dasilva, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dona Francisca Canal Gómez, con DNI 36.057.033-W que ostenta a representación da Asociación Española contra o Cancro e con CIF G28197564, e enderezo no Lugar de Castro Sampedro 6 4º, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación de servizos sociais; todo elo segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Por outra banda, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia recoñece ós Concellos competencias no seu artigo 80 para, entre outros, "*O desenvolvemento de programas de promoción da saúde, a educación sanitaria e a protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevexan nos plan de saúde*" e "*actividades complementarias das que sexan propias doutras administracións públicas nas materias obxecto desta lei, nos termos establecidos na lexislación reguladora do réxime local*".

SEGUNDO.- Que a Asociación Española contra o Cancro figura inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co número 190. Que a Asociación Española contra o Cancro ten coma fin principal a loita contra o cancro en todas as posibles modalidades coñecidas, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, de investigación, de formación e de carácter sanitario ou asistencial. Para

Concello de Redondela

 **aecc**
Contra el Cáncer
JUNTA LOCAL DE REDONDELA



elo, realiza, entre outras, as seguintes actividades no ámbito territorial do termo municipal de Redondela que redundan en beneficio dos seus habitantes:

- Apoio bio-psico-social e prevención a enfermos/as de cancro e as súas familias.

Que sendo os obxetivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ambas dúas partes colaborar na súa consecución e no seu logro polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Asociación Española contra o Cancro presenta:

1. Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. Certificados de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
4. Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

SEGUNDO.- A Asociación Española contra o Cancro ven desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionados coa misión referida. Estas actividades van redundar en beneficio das/os veciñas/os de Redondela que van ter a oportunidade de beneficiarse neste ámbito da saúde tan importante.

En virtude do anteriormente exposto, a Asociación Española contra o Cancro e o Concello de Redondela acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Asociación Española contra o Cancro está interesada en recibir un patrocinio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a prestación das actividades que presta ao colectivo anteriormente referenciado. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito do benestar e da sanidade.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en fomentar os servizos de carácter local prestados por entidades de iniciativa social, e apoiar o desenvolvemento

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

Asociación Española contra el Cáncer
UNIDAD LOCAL DE REDONDELA



de programas dirixidos a colectivos de persoas que teñen a enfermidade do cancro, todo elo dentro da competencia xenérica do Ilmo. Concello de Redondela que se recollen na lexislación xa citada no primeiro expoñendo.

TERCEIRO.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción dunha actividade de servizos sociais e como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha gran repercusión nun ámbito importante da veciñanza da vila. É por elo que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela decide asinar un convenio coa Asociación Española contra o Cancro

Así, no Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de decembro de 2015 (entrada en vigor o 15 de febreiro de 2016), aplicación orzamentaria 2311A4800002 para o outorgamento da subvención. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto de 2016, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 3.000 € (TRES MIL EUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Asociación Española contra o Cancro comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o ven facendo e en concreto a:

- Ofertar ás familias con enfermos/as oncolóxicos/as unha adecuada asistencia técnica e profesional que lles axude a conseguir os recursos idóneos para que a súa calidade de vida sociofamiliar non se vexa empeñada pola enfermidade.
- Proporcionar ás persoas enfermas e as súas familias o adecuado apoio emocional e social.
- Facilitar a integración do/a enfermo/a oncolóxico/a.
- Potenciar a creación de grupos de voluntarios/as que sensibilizados pola loita contra o cancro, participen activamente nos procesos de intervención social que elabora a nosa asociación.
- Facilitar a inserción de aquelas/es usuarios/as que padeceran unha enfermidade oncolóxica ou que sexan cuidadores dunha persoa enferma oncolóxica, a través dun proxecto que ten por obxecto accións que inciden na formación, intermediación laboral, validacións de capacidades e compatibilizar o coidado do/a doente e traballo retribuído na provincia de Pontevedra.
- Comprométese a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela. As mencións deberán efectuarse en lingua galega. A Asociación comprométese a unha utilización respetuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

JUNTA LOCAL DE REDONDELA

JUNTA LOCAL DE REDONDELA



debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 3.000€ (TRES MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade se desenvolveu e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio, que estén efectivamente pagados dentro do ano e con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificada.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberán poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non estea conforme coa xustificación requerirá á Asociación Española contra o Cancro a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto.

O prazo máximo para a xustificación será o 1 de decembro.

Así mesmo, coa xustificación da subvención a Asociación Española contra o Cancro deberá presentar:

- Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes na activade.
- Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
- Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
- Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
- Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.
- Que non ten solicitada nin concedida outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

faecc
Asociación Española
contra el Cáncer
MUNICIPAL LOCAL DE REDONDELA



- g) Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
- h) Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
- i) O gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria.

Previamente á aprobación do gasto, a área de Servizos Sociais procederá á valoración de se, coa xustificación presentada pola Asociación Española contra o Cancro se cumpre coa finalidade da subvención.

Por último a Asociación Española contra o Cancro comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o Ilmo. Concello de Redondela conforme as Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:

- Tramitar a xustificación que presenten no seu momento a Asociación Española contra o Cancro.
- A colaborar no desenvolvemento deste convenio.

SÉTIMA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que obtema a representación da Asociación Española contra o Cancro de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

Por outra banda, a Asociación Española contra o Cancro renuncia a participar de calquera outra axuda pública do Concello de Redondela aprobada dentro do ano 2016, con independencia do estado da súa tramitación.

OITAVA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

1. A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
4. A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
5. As Bases de Execución do Orzamento do Ilmo. Concello de Redondela.
6. Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



NOVENA.- A Asociación Española contra o Cancro queda expresamente comprometida e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DÉCIMA.- Este convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA ACCIDENTAL
DO CONCELLO
DE REDONDELA

Asdo: María Carmen Amoedo Dasilva

O REPRESENTANTE DA
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA
CONTRA O CANCRO

Asdo: Francisca Canal Gómez

aecc
Contra el Cáncer
JUNTA LOCAL DE REDONDELA

Concello de Redondea

Rua Alfonso XII, 2, Redondea. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como estas se coñezan.

5.- Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional decimoitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.

9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894

JUNTA LOCAL DE REDONDELA

ALCAIDE

Centro el Cáncer



subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.

b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificación polo menos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F ou C.I.F, domicilio fiscal, localidade e código postal.

c) Número de factura.

d) Lugar e data de emisión da factura.

e) Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

f) Período que corresponda.